

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE ECONOMÍA E COMPETITIVIDADE

8278 *Corrección de erros do Real decreto 304/2014, do 5 de maio, polo que se aproba o Regulamento da Lei 10/2010, do 28 de abril, de prevención do branqueo de capitais e do financiamento do terrorismo.*

Advertidos erros no Real decreto 304/2014, do 5 de maio, polo que se aproba o Regulamento da Lei 10/2010, do 28 de abril, de prevención do branqueo de capitais e do financiamento do terrorismo, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega ao número 110, do 6 de maio de 2014, procédese a efectuar as oportunas rectificacións:

Na páxina 3, segunda liña do primeiro parágrafo da disposición transitoria segunda do real decreto, onde di: «artigo 27.1.b) deste regulamento», debe dicir: «artigo 27.1.c) deste regulamento».

Na páxina 8, onde di: «CAPÍTULO III», debe dicir: «CAPÍTULO II».

Na páxina 9, número 3 do artigo 6 do regulamento, sexta liña do terceiro parágrafo, onde di: «fideicomisarios», debe dicir: «fiduciarios». A seguir, na oitava liña do mesmo parágrafo, onde di: «fideicomisario», debe dicir: «fiduciario».

Na páxina 11, número 5 do artigo 9 do regulamento, terceira liña, onde di: «fideicomisarios», debe dicir: «fiduciarios».

Na páxina 22, artigo 31 número 1 do regulamento, segundo parágrafo, onde di: «Os corredores de comercio e os suxeitos obrigados comprendidos no artigo 2.1 i) a u), ambas incluídas, que...», debe dicir: «Os corredores de seguros e os suxeitos obrigados comprendidos nas alíneas i) a u), ambas inclusive, do artigo 2.1 da Lei 10/2010, do 28 de abril, que,...».

Na páxina 24, artigo 35 número 2 do regulamento, segunda liña do segundo parágrafo, onde di: «...comprendidos no artigo 2.1 i) e seguintes e nos corredores de comercio...», debe dicir: «...comprendidos na alínea i) e seguintes do artigo 2.1 da Lei 10/2010, do 28 de abril, e nos corredores de seguros...».

Na páxina 42, artigo 68 número 2 do regulamento, primeira liña do segundo parágrafo, onde di: «de funcións de policía xudicial», debe dicir: «das funcións de policía xudicial».